



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.

Quinta.-O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.-A Administración resérvase para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.**Sétima.**-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

A publicación desta resolución se realiza tamén para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidese realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación nos termos establecidos nos artigos 107, 110, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 16 de agosto de 2012.- Xefe territorial de Lugo, José Manuel Vázquez Leirado

R. 3696

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e o Inludes do 2012, vía suplemento de crédito para redución de endebackamento, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

O Orzamento da Excma. Deputación Provincial, quedará resumido do seguinte modo:

Estado de GASTOS

Capítulo

	Consignación actual	Modificación	Consignación Final
I. GASTOS PERSONAL	19.796.067,07		19.796.067,07
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	17.530.248,54		17.530.248,54
III. GTOS. FINANCEIROS	1.226.880,99		1.226.880,99
IV. TRANS. CORRENTES	33.102.902,44		33.102.902,44
VI. INVESTIMENTOS REAIS	48.070.132,70		48.070.132,70
VII. TRANS. CAPITAL	15.550.207,71		15.550.207,71
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	310.000,00		310.000,00
IXI. PASIVOS FINANCEIROS	4.617.872,10	3.638.947,61	8.256.819,71
TOTAL	140.204.311,55	3.638.947,61	143.843.259,16

Estado de INGRESOS

Capítulo

	Previsión actual	Modificación	Previsión Final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.324.523,40		5.324.523,40
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.299.066,67		3.299.066,67
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	8.446.210,25		8.446.210,25
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	52.416.213,26	3.638.947,61	56.055.160,87

5. INGRESOS PATRIMONIAIS	3.516.000,00		3.516.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	600.000,00		600.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	18.063.733,59		18.063.733,59
8. ACTIVOS FINANCEIROS	47.417.556,49		47.417.556,49
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.121.007,89		1.121.007,89
TOTAL	140.204.311,55	3.638.947,61	143.843.259,16

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, trinta e un de agosto de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO EN FUNCIONS**, D. Manuel Cutrín Domínguez.

R. 3697

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

DANIEL PÉREZ ACAL solicitou neste concello licencia para a instalación dunha fosa de zurro a situar na Leira nº 12, do polígono 1 da zona de concentración parcelaria de Fonteio, segundo proxecto para instalación de fosa de zurro e construción de súas plataformas de formigón, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo o 11 de xuño do 2012, número de visado 336.

De conformidade co regulado no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental o expediente sométese ó trámite de información pública por un período de vinte días- que se contarán a partir do último dos anuncios- mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e exposición no Taboleiro de anuncios do Concello. Durante o devandito prazo poderán formularse por escrito as alegacións, reclamacións e/ou observacións que se consideren oportunas en relación ó mencionado expediente.

O expediente poderá consultarse na Casa do Concello de Baleira, de luns a venres de 8:30 a 14:30 horas.

Baleira, 29 de agosto do 2012.- O Alcalde, Francisco Acal Eiros

R. 3698

BECERREÁ

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 29 de agosto de 2012, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo de 2012 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 29/10/2012. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos,



BOP

LUNES, 6 DE AGOSTO DE 2012

Nº 180

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECRETARÍA XERAL

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil doce, **o expediente de modificación do orzamento da Deputación de 2012, vía suplemento de crédito** para redución de endebedamento, exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, dous de agosto de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO EN FUNCIONS**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R.3382

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

ASUNTO:

Citación para notificación, por comparecencia, en procedemento de liquidación tributaria, ao abeiro do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria

CONCEPTO:

LIQUIDACIÓNS EXPTEs. XR E IBI/IA 1º CUATRIMESTRE 2012 (CARGO 2012L00105). XESTIÓN DE RECURSOS

ÓRGANO RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN:

Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación

LUGAR E HORA ONDE SE DEBE COMPARECER:

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rúa Tui, nº 5 baixo, Lugo, en días laborables, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas

PRAZO:

Quince días naturais contados dende o seguinte a esta publicación

EFECTOS DA FALTA DE COMPARECENCIA DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE:

Para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



Remítase a:

Lugo,

23 AGO. 2012

O Secretario,

Asdo.: José A. Mourelle Cillero

fecha LUGO **17 de agosto de 2012**

unidad de origen: **SECCIÓN DE ACTAS**

asunto: **Remite certificación acordo do Pleno de 31-07-2012**

destinatario

Intervención

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil doce, relativo a **“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2012, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA REDUCIÓN ENDEBEDAMENTO”**.

O SECRETARIO,
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,





DON MANUEL CUTRIN DOMINGUEZ, Director da Asesoría Xurídica desta Excma. Deputación Provincial de Lugo, en funcións de Secretario,

C E R T I F I C O: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2012,
VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA REDUCCIÓN ENDEBEDAMENTO.**

Dáse lectura ó ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que dí o seguinte:

Vista a proposta en relación coa modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía suplemento de crédito para redución de endebedamento, que textualmente dí:

“Visto informe de Intervención, Incoacción e Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
0110.913	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	3.638.947,61 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
420.10	Fondo complementario de financiamento	3.638.947,61 €

2.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente

aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

A Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados D^a. Elena Candia López, D. José Manuel Gómez Puente e D. José Manuel Mato Díaz, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Presidente, considerando que o asunto está suficientemente debatido, anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13; abstencións, 11. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a dezasete de agosto de dous mil doce.

Vº. e Prace
"O PRESIDENTE"
P.D. Decreto n° 2228/2012, de 18-07-2012
A VÍCEPRESIDENTA,

Asdr. Lara Méndez López"


SECRETARÍA



COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado "1. *Proposta de modificación do Orzamento da Excm. Deputación de 2012, vía suplemento de crédito para redución endebedamento*", A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D^a. Elena Candia López, D. José Manuel Gómez Puente e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Provincial Popular, dictaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 26 de Xullo de 2012.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
P L E N O
Sesión do día 31 JUL. 2012
CÚMPRASE:
O PRESIDENTE P.D. APROBADO:
O SECRETARIO



- Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito para redución endebedamento

(Pleno xullo 2012)



Informe-propuesta de Intervención

Asunto: Modificación orzamentaria para redución de endebedamento

1. Recibido o 20 de xuño do ano en curso o 50% do importe da estimación da liquidación definitiva do 2010 na participación nos tributos do Estado por un importe total de 4.747.821,89 €, corresponde ao concepto 420.10 "Fondo complementario de financiamento" o importe de 3.638.947,61 €, cantidade que non esta prevista no orzamento da Deputación de 2012.
2. Tendo en conta que un dos obxectivos do sector público en materia económica é a redución do endebedamento, como se reflicte na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (en adiante LOE), que en concreto no seu artigo 12.5 prevé a redución do endebedamento cos ingresos que se obteñan por riba do previsto no orzamento.
3. Procede polo exposto, amortizar anticipadamente operacións de crédito ata o importe de **3.638.947,61 €** o que require unha modificación orzamentaria que suplemente a aplicación **0110.913** "Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público" no dito importe, financiada cos maiores ingresos dos previstos no concepto **420.10** "Fondo complementario de financiamento".
4. En relación co anterior emítese o seguinte informe:
 - a). O artigo 177 do R.d. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90) e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2012, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.
 - b). O gasto poderáse financiar con novos ou maiores ingresos recadados sobor dos totais previstos no orzamento corrente, sempre que o resto dos ingresos veñan efectuándose con normalidade.Segundo os estados de execución de ingresos, estes veñen efectuándose con normalidade. As entregas a conta na participación nos tributos do Estado dos meses de xullo a decembro, vanse reducir en 2,7 millóns de euros, segundo información do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A dita redución se vai compensar coa menor devolución das liquidacións definitivas 2008 e 2009 (2,9 millóns de euros) na participación nos tributos do Estado, como consecuencia da ampliación de 5 a 10 anos do periodo de devolución das mesmas.



c). A normativa de estabilidade orzamentaria está constituída pola LOE e o R.d. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (en adiante REO), en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE.

O artigo 16.2 do REO require informe da Intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade que se incorporará ao previsto (entre outros) no artigo 177.2 do TRLRFL, referido á aprobación de modificacións orzamentarias mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Neste suposto, o Orzamento Xeral da Deputación 2012 cumpre co principio de estabilidade orzamentaria segundo o informe de Intervención unido ao expediente do Orzamento coa data 18 de novembro de 2011, e se mantén a estabilidade coa presente modificación, xa que a amortización de débeda é un gasto financeiro, e na estabilidade reflíctense os gastos non financeiros.

d). Segundo a regulación do citado expediente é necesario a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:

Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

Se o medio de financiamento se corresponde con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista.

3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

5. O órgano competente para a aprobación inicial da citada modificación é o Pleno da Excm. Diputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, 10 de xullo de 2012,

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



Incoación

Pola presente, ordéase a **incoación** de expediente de modificación orzamentaria vía suplemento de crédito polo importe de 3.638.947,61 €, para amortizar anticipadamente operacións de crédito ata o dito importe, financiandoa cos maiores ingresos dos previstos no orzamento.

Lugo, a 10 de xullo de 2012.
O PRESIDENTE

José Ramón Gómez Besteiro



Memoria

Asunto: **Modificación orzamentaria para reducción de endebedamento.**

Visto informe de Intervención do 10 de xullo do ano en curso, confecciónase a presente memoria, xustificativa da modificación orzamentaria vía suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2012.

A xustificación do presente expediente ven dada pola actual situación económica e a necesidade de redución do endebedamento en todo o sector público. Pola aplicación do artigo 12.5 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (en adiante LOE) ao obter maiores ingresos dos previstos no orzamento 2012 no concepto 420.10 "Fondo complementario de financiamento", e considerar que o resto dos ingresos se veñen efectuando con normalidade.

A consignación orzamentaria será insuficiente para a execución da amortización anticipada na aplicación 0110.913 "Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público", debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2012.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven derivada pola propia LOE.

En resumo, as modificación consisten en:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
0110.913	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	3.638.947,61 €



Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
420.10	Fondo complementario de financiamento	3.638.947,61 €

Lugo, a 11 de xullo de 2012.
O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



Proposta

Asunto: **Proposta de Modificacións do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito para redución de endebedamento**

Visto informe de Intervención, Incoacción e Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
0110.913	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	3.638.947,61 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
420.10	Fondo complementario de financiamento	3.638.947,61 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose



definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, a 11 de xullo de 2012.

O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



**Ao Ilmo. Sr. Presidente,
INFORME de INTERVENCIÓN:**

**Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía
Suplemento de Crédito para redución de endebedamento**

Vista proposta de modificación, memoria e informe que anteceden, a que suscribe emite o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, de 20 de abril, na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, no R.d. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, e na base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2012. Ao parecer da que suscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 11 de xullo de 2012,

A INTERVENTORA,